

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 4 DE XUÑO DE 2014

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 4 de xuño de 2014

HORA DE COMEZO: 14:35 h.

HORA DE REMATE: 15:15 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas e D^a M^a Lucía Ledo Fernández.

AUSENTES: D^a Berta Pérez Hernández, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos e D. José Luis Gestido Porto.

SUPLENTES: D. Jesús Manuel Graña Graña, baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 28 DE MAIO DE 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, deixar pendente de aprobación o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 28 de maio de 2014.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 2 DE XUÑO DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 23.459.- LICENZA MUNICIPAL Nº 22.633.- A Miguel Cancelas Portela, con enderezo en Foxón, nº 55-2º-Tirán-Moaña, modifícaselle a referida licenza no sentido en que tamén se autoriza a construción de 43,20 m2., de terraza no primeiro andar.

EXPEDIENTE Nº 24.911.- A José Marcos Belmonde Martínez e Leticia Blanco Chapela, con enderezo en Rúa Andalucía, nº 3-5ºC-Cangas, para na Rosada-Coiro, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11, construír unha vivenda unifamiliar de 112,70 m2., de semisoto, 79,75 m2., de planta baixa e 78,95 m2., de primeiro andar, de conformidade co proxecto baxico de decembro de 2013, e a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Aceptaselle a cesión gratuita de terreo para o vieiro, efectuada con data 21 de maio de 2014.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización da fronte de parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de TRESCENTOS VINTE E SETE EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMOS(327,91 €) euros.

2.A.2) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 24.919.- A José Ramón Otero Gutiérrez, con enderezo en Vilanova, nº 62-O Hío, para en Camiño dos Laguiños, nº 11-Vilanova-O Hío, demoler un anexo de 14,00 m2., e construír un voo de 3,20 m2., foi deixado sobre a mesa, pendente de mellor estudo.

2.A.3) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 23.823.- O tramitado a instancia de Rosa Garcia Queimaño, con enderezo en Trigás, nº 37-A-Coiro, para cobertizo no referido lugar, acórdase declaralo caducado, de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ao transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación de data 7 de xullo de 2011.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.812.- A Victoriano Veloso Moreda, con enderezo en Rúa Virgilio Blanco, nº 26-36390-Vigo, para en Pinténs-O Hío, cambiar as fiestras, pintado e cambio de alicatado. A edificación obxecto do presente expediente é de uso industrial, polo que non se poderá destinar a usos residenciais (referencia catastral da parcela C505I6800NG18A000ILI).

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

EXPEDIENTE Nº 24.953.- María Germade Castiñeiras, redistribución local en Praza de San Xoan-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 24.983.- Julia Méndez Piñeiro, cambio de cuberta na Serra de Poente, nº 59-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 24.995.- María Emilia Dobarro Iglesias, pintado exterior en Liméns, nº 11-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 24.998.- José Luis Rodríguez Fernández, pintado fachadas no Espírito Santo, nº 100-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.000.- León Daniel Najmias, reforma de aseo na Avda. de Ourense, nº 80-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.005.- Juan Manuel Eijo Iglesias, colocación de plaqueta e pintado en Pinténs, nº 82-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.006.- Celso Juncal Álvarez, adecuación de cobertura de porta en Carballal, nº 10-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.007.- Josefa Fandiño Iglesias e Elisa Fandiño González, cambio de tella e reparación de cuberta en Rúa Noria, nº 1-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.016.- Josefa Parceros Iglesias, limpeza de fachada, encintado e substitución de porta en Subida a Rúa Derribo, nº 72-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.024.- José Nogueira Bernárdez, limpeza e pintado fachadas en Rúa Antonio Nores, nº 14-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.028.- Rosa Fernández Fernández, pérgola de madeira en Cunchido, nº 35-Darbo.

EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

4º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/PROGRAMACIÓN DA CAMPAÑA DE VERÁN-2014

4.A) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/PROGRAMACIÓN DE CAMPAMENTOS DE VERÁN-2014

Vista a proposta do concelleiro de Educación, Cultura, Xuventude e Voluntariado, referente a programación de Campamentos de Verán-2014, que é como segue:

"PROPOSTA CAMPAÑA DE VERÁN-2014-CONCELLERÍA DE XUVENTUDE DO CONCELLO DE CANGAS

José Luis Gestido Porto, Concelleira de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado do Ilmo. Concello de Cangas, propón á Xunta de Goberno Local a aprobación da programación de campamentos de verán-2014.

LUDOTECA DE VERÁN

(de luns a venres de 9:00 a 14:00 h.) Función conciliadora: fomentar que os pais/nais/titores poidan conciliar a vida persoal, laboral e familiar. O seu emprazamento será a Casa da Xuventude onde farán diferentes obradoiros e outras actividades lúdicas.

PREZOS:

<i>Opción 1</i>	<i>Días soltos</i>	<i>5 € ao día</i>
<i>Opción 2</i>	<i>Semana</i>	<i>25 € á semana</i>
<i>Opción 3</i>	<i>Mes</i>	<i>100 € ao mes</i>

CAMPAMENTOS DE DÍA

1º TURNO: DO 30 DE XUÑO AO 11 DE XULLO (para nenos/as de 7 e 10 anos)

Durante dúas semanas os/as nenos/as participantes poderán desenvolver diferentes actividades propias dos campamentos, xogos, obradoiros, sendeirismo, etc., pero a temática principal será: OS DEPORTES NAÚTICOS, a razón e sinsela, queremos que os nenos e nenas de Cangas se acheguen de primeira mán aos recursos deportivos que nos ofrece o noso contorno e que precisamente por telo tan a man en moitas ocasións nos resulta descoñecido.

Concretamente e con profesionais do 'Club Náutico Rodeira' farían contacto coa vela e o piragüismo. O prezo do campamento sería de 45,00 €.

2º TURNO: DO 14 DE XULLO AO 24 DE XULLO (para nenos/as de 4 a 6 anos)

Do mesmo xeito durante dúas semanas os/as nenos/as participantes poderán desenvolver diferentes actividades propias dos campamentos, xogos, obradoiros,

sendeirismo, etc., pero o seu acercamento aos deportes náuticos sería teórico e desde terra. O prezo será de 45,00 €.

CAMPAMENTO EXTERNO

(No mes de agosto data por concretar) o prezo será de 130 € aproximadamente por unha estadía de 12 días nunha instalación xuvenil da Xunta de Galicia). O lugar solicitado é o 'Campamento Xuvenil Virxe de Loreto' en Porto do Son."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do concelleiro de Educación, Cultura, Xuventude e Voluntariado, referente a programación de Campamentos de Verán-2014.

4.B) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/REALIZACIÓN DA "XI LUDOTECA DEPORTIVA DE VERÁN"

Vista a proposta do día 20.5.14 concelleiro de Educación, Cultura, Xuventude e Voluntariado, referente a realización da "XI LUDOTECA DEPORTIVA DE VERÁN", que é como segue:

"PROPOSTA PARA REALIZACIÓN DA 'XI LUDOTECA DEPORTIVA DE VERÁN'

José Luis Gestido Porto, presidente-delegado da Fundación Cangas-Deporte. Propón á Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte proposta:

Desde este organismo, vense apostando pola promoción da actividade deportiva entre os máis cativos. Entendendo que ésta debe cumprir unha dobre función social: tanto educativa coma recreativa, tense presente no desenvolvemento da actividade proposta, e conta coas seguintes características:

- 1.- A LUDOTECA DEPORTIVA DE VERÁN abranguerá desde o martes 1 de xullo ata o venres 29 de agosto deste ano 2014.*
- 2.- A actividade está dirixida a nenos/as que están cursando educación infantil ou primaria (3- 12 anos).*
- 3.- Os centros escolares onde se impartirá a actividade serán: Nazaret, San Roque, O Hío e Espiñeira (Aldán).*
- 4.- As clases serán de catro horas diarias, dous días á semana e en horario de mañá (09.30/13.30 h.).*
- 5.- Prevese a inscrición de 150 alumnos/as como en anos anteriores.*

6.- Para a formalización dos grupos deberá contar cun mínimo de 10 nenos/as.

7.- Con base no acordo plenario de 23 de novembro de 2011, aprobose a Ordenanza reguladora de prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes e outras actividades de carácter deportivo e/ou socio-culturais organizadas polo concello, e tendo en conta o seu artigo 4º punto 1, di que: o establecemento da contía do prezo público será o que fixe en cada caso a Xunta de Goberno Local, e que así mesmo no seu punto 4 di que: con motivo de fomentar a participación de determinados colectivos, a Xunta de Goberno Local, poderá establecer prezos por debaixo do custo do servizo.

8.- O gastos totais orixinados pola actividade ascenden a un total de 8.000,00 €, e autofinanciaranse nun 93% aproximadamente, a través do aboamento das cotas establecidas.

Polo que PROPOÑO que o prezo que se estableza para poder participar na actividade sexa de 50,00 €, a aboar nos primeiros dez días do mes de xullo por medio de autoliquidación en 'La Caixa'."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do concelleiro de Educación, Cultura, Xuventude e Voluntariado, referente a realización da "XI LUDOTECA DEPORTIVA DE VERÁN".

5º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DA CAMPAÑA DE VERÁN-2014

Examinada a proposta do concelleiro de Educación, Cultura, Xuventude e Voluntariado, referente a programación da Campaña de Verán-2014, que é como segue:

"PROPOSTA PARA REALIZACIÓN DE CAMPAMENTOS E LUDOTECA DE VERÁN-2014

José Luis Gestido Porto, concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado do Ilmo. Concello de Cangas, propón á Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte prezo público:

Desde esta concellería, propoñemos unha serie de actividades lúdico-educativas como son: campamentos de día, campamento de dormida, ludoteca de verán cun amplo horario para a conciliación familiar:

LUDOTECA DE VERÁN

(de luns a venres de 9:00 a 14:00 h.) Función conciliadora: fomentar que os pais/nais/titores poidan conciliar a vida persoal, laboral e familiar. O seu emprazamento

será a Casa da Xuventude onde farán diferentes obradoiros e outras actividades lúdicas.

PREZOS:

<i>Opción 1</i>	<i>Días soltos</i>	<i>5 € ao día</i>
<i>Opción 2</i>	<i>Semana</i>	<i>25 € á semana</i>
<i>Opción 3</i>	<i>Mes</i>	<i>100 € ao mes</i>

CAMPAMENTOS DE DÍA

1º TURNO: DO 30 DE XUÑO AO 11 DE XULLO (para nenos/as de 7 e 10 anos)

Durante dúas semanas os/as nenos/as participantes poderán desenvolver diferentes actividades propias dos campamentos, xogos, obradoiros, sendeirismo, etc., pero a temática principal será: OS DEPORTES NAÚTICOS, a razón e sinsela, queremos que os nenos e nenas de Cangas se acheguen de primeira man aos recursos deportivos que nos ofrece o noso contorno e que precisamente por telo tan a man en moitas ocasións nos resulta descoñecido.

Concretamente e con profesionais do 'Club Náutico Rodeira' farían contacto coa vela e o piragüismo. O prezo do campamento sería de 45,00 €.

2º TURNO: DO 14 DE XULLO AO 24 DE XULLO (para nenos/as de 4 a 6 anos)

Do mesmo xeito durante dúas semanas os/as nenos/as participantes poderán desenvolver diferentes actividades propias dos campamentos, xogos, obradoiros, sendeirismo, etc., pero o seu acercamento aos deportes náuticos sería teórico e desde terra. O prezo será de 45,00 €.

CAMPAMENTO DE DURMIDA

(No mes de agosto data por concretar) estadía de 12 días nunha instalación xuvenil da Xunta de Galicia. O lugar solicitado é o 'Campamento Xuvenil Virxe de Loreto' en Porto do Son. O prezo será de 130 €."

As prazas do campamento otorgaranse por rigurosa orde de inscrición.

Con base no acordo plenario de 23 de novembro de 2011, aprobouse a Ordenanza reguladora de prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes e outras actividades de carácter deportivo e/ou socio-culturais organizadas polo concello, e tendo en conta o seu artigo 4º punto 1 di que: o establecemento da confía do prezo público será o que fixe en cada caso a Xunta de Goberno Local, e que así mesmo no seu punto 4 di que: con motivo de fomentar a participación de determinados colectivos, a Xunta de

Goberno Local, poderá establecer prezos por debaixo do custo do servizo. Os prezos que se establecen son:

- a) 5 €/día na Ludoteca de Verán*
- b) 25 €/semana na Ludoteca de Verán*
- c) 100 €/mes na Ludoteca de Verán*
- d) 45 € Campamento de Día*
- e) 130 € Campamento Virxe de Loreto*

As condicións que teñen que cumprir as persoas que queiran inscribirse son:

** Estar empadroados en Cangas.*

** Cumprir cos requisitos de idade por cada modalidade."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do concelleiro de Educación, Cultura, Xuventude e Voluntariado, referente a programación da Campaña de Verán-2014.

6º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE

Examinada a proposta do día 2.6.14 do concelleiro de Educación, Cultura, Xuventude e Voluntariado, referente a solicitude de axuda á Consellería de Traballo e Benestar para a realización de actividades dirixidas á xuventude, que di o seguinte:

"SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE, PARA A PROMOCIÓN DA INFORMACIÓN XUVENIL 2014

Publicada pola Consellería de Traballo e Benestar a Orde do 28 de abril de 2014, pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2014 e se procede á súa convocatoria.

Creada desde o ano 1989 a Oficina Municipal de Información Xuvenil, e que na actualidade está ubicada na Casa da Xuventude, con horario semanal de atención ao público de luns a sábados, atendendo as demandas do colectivo xuvenil e cunha ampla programación anual de actividades dirixidas aos xóvenes.

Cumprindo cos requisitos da orde e vistas as necesidades, redáctase pola técnica de xuventude, memoria de actividades dirixidas á xuventude por un importe total de 22.700,00 euros.

Visto o informe sobre a existencia de crédito para facer fronte ao financiamento que debe asumir o concello.

Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar unha axuda polo importe de TRES MIL EUROS (3.000,00 €) para desenvolver as seguintes actividades:

Denominación actividade	Importe con IVE
<i>Atención ao público, funcionamento OMIX</i>	<i>1.500,00 €</i>
<i>Cursos e obradoiros de T.L.</i>	<i>4.000,00 €</i>
<i>Certámenes de cartas de amor e cómic</i>	<i>3.100,00 €</i>
<i>Exposición de xóvenes artistas</i>	<i>600,00 €</i>
<i>Directo xove-2013</i>	<i>7.000,00 €</i>
<i>Campamentos de verán</i>	<i>6.500,00 €</i>

Segundo.- Declarar que non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención para as actividades que se especifican."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do concelleiro de Educación, Cultura, Xuventude e Voluntariado, referente a solicitude de axuda á Consellería de Traballo e Benestar para a realización de actividades dirixidas á xuventude.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

7º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/VARIACIÓNS DE POSTOS DE VENDA NA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL

Vista a proposta do día 30.5.14 da concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a variacións de postos de venda na Praza de Abastos Municipal, que é como segue:

"ROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A SOLICITUDE DE DE TRASLADO DO POSTO Nº 45 AO POSTO Nº 8 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS (V-14/043)

ANTECEDENTES

Visto o escrito presentado por M^a Ángeles Fernández Costas, con domicilio a efectos de notificacións en Rúa San Xosé, nº 80-12 C de Cangas, con rexistro de entrada nº 4694 do 22/04/2014, no que expón que por mor das reformas e despois de dar conta á concelleira deixou o posto de peixe nº 45 para cambiarse ao nº 48, polo que ven a solicitar en síntese que se formalice a todos os efectos o traslado efectuado.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O artigo 29 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas (BOP 16/08/2005) respecto dos traslados de postos dispón que: "O concello, poderá trasladar de posto a calquera concesionario sempre e cando esta decisión se xustifique na necesidade de realizar obras de conservación ou mellora do recinto, ou calquera outra circunstancia de carácter análogo que redunde en beneficio para a xeneralidade dos usuarios."

Sendo decisión discrecional do concello o traslado de postos, toda vez que concorre a circunstancia prevista no artigo transcrito, e tendo en conta que o cambio foi solicitado pola propia interesada o que implicitamente supón que esta alternativa lle resulta satisfactoria por reunir as condicións precisas para o exercicio da actividade.

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Estimar a solicitude formulada por M^a Ángeles Fernández Costas do día 22/04/2014 e confirmar o traslado do posto nº 45, do que seguía a figurar como titular ata o de agora, ao posto nº 48 no que xa está instalada desde o momento da reforma e que reúne as condicións para o exercicio da súa actividade, advertindo que este traslado non supón variación dos termos da concesión da que é titular máis alá do traslado físico de posto, sen que resulten modificados nin a duración nin as restantes condicións da concesión da que é titular.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo, co fin de deixar constancia no expediente dos postos e a súa comunicación ao conserxe da Praza."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a variacións de postos de venda na Praza de Abastos Municipal.

MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO

8º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO COA "ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS DO MORRAZO"

Examinada a proposta da Alcaldía do día 30.5.14 referente ao convenio de colaboración asinado coa "ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS DO MORRAZO", que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO COA 'ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS DO MORRAZO'

Visto o convenio asinado entre o Concello de Cangas e a 'Asociación Protectora de Animais do Morrazo' o día 23.04.2014.

Visto o escrito entregado no rexistro municipal o día 30.04.2014 (entrada nº 5073) no que Aurelia Soaje Pérez, en representación da mencionada asociación, achega as facturas compulsadas como xustificación dos gastos do 1º trimestre do 2014 que ascenden a 3.755,13 €, e solicita que o concello proceda ó pago de 3.750 €.

Visto que o día 27.05.2014 a Asociación Protectora de Animais entregou no rexistro do concello (entrada nº 6349) a documentación establecida na cláusula 6ª do convenio a efectos de completar a xustificación.

Examinada a conta xustificativa comprensiva dos gastos efectuados, comprobouse que a mesma cumpre co estipulado no referido convenio, en canto a gastos subvencionables e requisitos dos documentos que acreditan a realización do gasto. Así mesmo, a beneficiaria achegou a documentación á que viña obrigada segundo o convenio suscrito, tales como, declaracións responsables, documentos xustificativos de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social, así como, memoria das actuacións realizadas.

Visto que a competencia relativa á concesión de subvencións corresponde á Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación efectuada mediante Resolución desta Alcaldía do día 16.06.2011 (apartado primeiro.7) da súa parte dispositiva).

De acordo co exposto, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte, ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa presentada pola 'Asociación Protectora de Animais do Morrazo', relativa ao convenio de colaboración asinado con este concello o día 23.04.2014.

Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de TRES MIL SETECENTOS CINCUENTA EUROS (3.750,00 €) a favor da 'Asociación Protectora de Animais do Morrazo', con CIF nº G36196731.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ao departamento municipal de Intervención."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao convenio de colaboración asinado coa "ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS DO MORRAZO".

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

9º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS

9.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
MÓNICA CABRAL FUENTES DNI Nº 53.113.127-D	As Gruncheiras, nº 21-Coiro.	As Gruncheiras, nº 21-Coiro. De conformidade co informe da Policía Local do día 7.4.14, indícase que non procede o pintado de liñas amarelas enfronte da entrada de vehículos.

9.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE BORRADO DE LIÑA AMARELA NAS GRUNCHEIRAS, Nº 21.

Visto o informe emitido o día 21.5.14 pola Policía Local, referente a solicitude de MÓNICA CABRAL FUENTES, con enderezo nas Gruncheiras, nº 21-Coiro, para o borrado de liñas amarelas no referido lugar, que di o seguinte:

"Nº REX: 950/13

ASUNTO: BORRADO DE LIÑA AMARELA NAS GRUNCHEIRAS, 21.

A Policía Local de Cangas con relación ao escrito presentado por Mónica Cabral Fuentes, onde solicita borrado do pintado fronte a súa propiedade. Infórmase segundo as averiguacións da policía, que a solicitude do pintado foi feita por outra persoa veciño/a desta, con autorización de pasaxe permanente, debidamente aprobado pola Xunta de Goberno."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda denegar a solicitude realizada pola Sra. Cabral Fuentes.

9.C) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE CAMBIO DE SINALIZACIÓN FEITA POR ANA BELÉN MALVIDO CARRACELAS

Examinado o informe emitido o día 26.5.14 pola Policía Local, referente a solicitude de ANA BELÉN MALVIDO CARRACELAS, con enderezo en Travesía Atranco, nº 3-ático B-Coiro, para cambio de sinalización na referida travesía, que di o seguinte:

"Nº REX: 999/14

ASUNTO: SOLICITUDE DE CAMBIO DE SINALIZACIÓN FEITA POR ANA BELÉN MALVIDO CARRACELAS

Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052006 e 052023, por medio do presente, informan que no seu día, por parte da Policía, fíxose un estudo para mellorar a circulación e convivencia en xeral e polo tanto non procede."

Incidencias: na votación deste punto abstívose o concelleiro, Sr. Graña Graña.

A Xunta de Goberno Local, por maioría dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda indicar á Sra. Malvido Carracelas, que se procederá a eliminar unicamente as prazas de aparcamento sitas ó inicio da rúa.

9.D) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE PASO DE PEÓNS FEITA POR GERARDO DÍAZ PALMÁS

Visto o informe emitido o día 26.5.14 pola Policía Local, referente a solicitude de GERARDO DÍAZ PALMÁS, con enderezo en Rúa Baiona, nº 8-4ºB-Cangas, na que reclama o pintado de paso de peóns na estrada PO-315, que di o seguinte:

"Nº REX: 976/14

ASUNTO: INFORMANDO SOBRE SOLICITUDE DE PASO DE PEONS FEITA POR GERARDO DÍAZ PALMÁS.

Os axentes da Policía Local de Cangas, con número de identificación profesional 052025 e 052026, por medio do presente, informan que na zona para a que se solicita o pintado de paso de peóns, PO-315, non é de titularidade municipal e non hai ningún paso de peóns nas inmediacións do 'Centro de Día Sanidía'."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda trasladar o informe emitido pola Policía Local ao Sr. Díaz Palmás.

9.E) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE COLOCACIÓN DE CARTEIS NA VÍA PÚBLICA

Visto o informe emitido o día 26.5.14 pola Policía Local, referente a solicitude presentada por ENRIQUE PEREIRA SIENES, con enderezo en Camiño Laguiños, nº 4-Vilanova-O Hío, para instalación de carteis en vía pública, que di o seguinte:

"Nº REX: 98614

ASUNTO: COLOCACIÓN DE CARTEIS NA VÍA PÚBLICA

A Policía Local de Cangas con relación ao escrito presentado por Enrique Pereira Sienes, onde solicita permiso para colocar carteis anunciando o seu negocio na vía pública. Infórmase que non procede o solicitado por tratarse de vía pública."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda denegar a solicitude realizada polo Sr. Pereira Sienes.

9.F) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE PINTADO NA PRAZA DE SAN XOÁN FEITA POR MARÍA GERMADE CASTIÑEIRAS

Examinada a solicitude presentada o día 16.5.14 por MARÍA GERMADE CASTIÑEIRAS, con enderezo na Retirosa, nº 41-Coiro, na que demanda o repintado de liñas amarelas na Praza de San Xoán, nº 4-Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda denegar a solicitude realizada pola Sra. Germande Castiñeiras, por ter desaparecido o motivo polo que se concedeu no seu día o pintado de liñas amarelas na Praza de San Xoán, nº 4-Cangas.

9.G) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN DE PROHIBIDO ESTACIONAR EN RÚA CELA, Nº 2-CANGAS

Examinada a solicitude presentada o día 14.5.14 por LAURA PERALES PASTORIZA, con enderezo en Rúa Cela, edificio Cela, nº 2-baixo- B-Cangas, na que demanda sinalización que impida aos vehículos estacionar arrimados á fachada das vivendas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda aprobar a solicitude da Sra. Perales Pastoriza, e polo tanto, que se proceda, polos servizos correspondentes, á instalación de sinal ou calquera outro elemento que impida o estacionamento de vehículos arrimados á fachada de vivendas en Rúa Cela, nº 2-Cangas.

PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL

10º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL S/APROBACIÓN DE BASES PARA A CONTRATACIÓN DE 1 CONDUTOR/A E 1 PEÓN PARA A BRIGADA FORESTAL-VERÁN 2014

Examinada a proposta do día 27.5.14 da concelleira de Persoal e participación veciñal, referente a aprobación das bases para a contratación de 1 condutor/a e 1 peón para a Brigada Forestal-Verán 2014, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL PARA A CONTRATACIÓN DE UN/UNHA CONDUTOR/A E UN/UNHA PEÓN FORESTAL PARA O VEHÍCULO MOTOBOMBA MUNICIPAL DURANTE A TEMPORADA DE INCENDIOS DE 2014.

Tendo o concello atribuídas competencias en materia de protección do medio rural, protección civil e a prevención e extinción de incendios, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladoras das bases de Réxime local, trala reforma introducida pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local.

Sendo vontade do Concello de Cangas cooperar coa Consellería do Medio Rural e do Mar, estase a negociar un convenio de colaboración entre dita consellería e este concello para a actuación de vehículos motobomba na loita contra os incendios forestais, o que obriga a abordar a presente contratación para manter a operatividade do citado vehículo nos termos previstos no acordo que se está a negociar, por todo o cal elevo á Xunta de Goberno local a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases de selección para a contratación de un/unha condutor/a e un/unha peón, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais

mediante a actuación dun vehículo motobomba. Bases que achegan como anexo á presente proposta de resolución.

SEGUNDO.- *Convocar as prazas mencionadas e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda a súa contratación en réxime laboral temporal cunha duración de dous meses, que se estenderá desde a data da súa sinatura, en réxime de xornada completa e coas retribucións correspondentes a súa categoría.*

TERCEIRO.- *Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nestas.*

ANEXO

BASES PARA A SELECCIÓN DE 1 CONDUTOR/A PARA O VEHÍCULO MOTOBOMBA E 1 PEÓN FORESTAL PARA O SERVIZO DE BRIGADA FORESTAL TEMPORADA DE VERÁN 2014.

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN, SISTEMA DE SELECCIÓN E PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 1 condutor para vehículo motobomba e 1 peón forestal para a brigada municipal de prevención de incendios forestais.

A contratación será de carácter laboral e temporal, cunha duración de dous meses máximo, en réxime de xornada completa, cun salario bruto mensual, parte proporcional das pagas extras incluída, de 1359,32 euros para o condutor e de 1239,52 euros para o peón forestal. A duración do contrato contarase a partir da data da súa sinatura.

Efectuada a selección dos/as aspirantes, o Concello de Cangas procederá á súa contratación, utilizando a modalidade de contrato de obra ou servizo para a Brigada Forestal Temporada de Verán 2014.

Cos aspirantes que tendo superado o proceso selectivo, e pola nota final non acadasen praza, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se puideran producir entre o persoal que si resultase seleccionado, adxudicándose a contratación ao seguinte aspirante en puntuación.

O sistema de selección será o de oposición.

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do concello ata o día anterior ao da realización do primeiro exercicio co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións ás bases.

O taboleiro de anuncios da casa do concello será igualmente, o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitido/a á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser cidadán/a español/a ou atoparse dentro do ámbito previsto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.

c) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.

d) Estar en posesión do Título de Graduado Escolar, FP1 ou equivalente para a praza de condutor e non se require titulación académica para o peón forestal.

e) Estar en posesión do carné C para os aspirantes á praza de condutor.

f) Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

g) Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.

h) Estar incluído/a no listado remitido pola Oficina de Emprego de Cangas (preselección)

TERCEIRA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

O Concello de Cangas solicitará os traballadores e traballadoras desempregados acordes ao perfil a seleccionar mediante presentación de oferta de emprego na oficina de emprego de Cangas.

Esta oficina realizará unha sondaxe de demandantes aos que se lles comunicará a existencia desta oferta de emprego para que poidan concorrer a esta.

O Concello de Cangas resérvase o dereito a solicitar sondaxes complementarias á oficina de emprego no caso de que non se acade un ratio mínimo de dous candidatos interesados por posto a seleccionar.

Os/as candidatos/as remitidos polos servizos públicos de emprego constituirán o listado de admitidos ao proceso selectivo.

Os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

O concello poderá requirir en calquera momento a comprobación de estar en posesión dos requisitos da convocatoria establecidos na base anterior e excluír do proceso a calquera aspirante que non reúna ditos requisitos.

CUARTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia da metade mais un dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida ós aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra neles algunha circunstancia prevista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A composición efectiva do tribunal a efectos da formulación de recusación é a seguinte:

PRESIDENTE: Pablo Cordeiro Rodal

SECRETARIO: Fabián Fernández Gómez

Vocal 1º: Cristina Padín Martínez

Vocal 2º: Cesáreo Coya Portas

Vocal 3º: Jesús Guimeráns González

Suplente indistinta: Peregrina Calvo Calvo

O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a presta-la súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

O tribunal constituirase con antelación ao inicio da primeira proba da oposición que se establece nas presentes bases.

QUINTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

A oposición consistirá na realización dos seguintes exercicios:

ASPIRANTES A CONDUTOR

PROBA PRÁCTICA

Os aspirantes a condutor quedan convocados para a realización da proba práctica, de carácter eliminatorio ao día seguinte ao da recepción das presentes bases nas instalacións de A Granxa-A Rúa , ás 9:30 horas da mañá, hora á que polo tribunal se procederá a realizar un chamamento único, os aspirantes declararán se cumpren cos requisitos da convocatoria e a continuación dirixiranse ao lugar sinalado polo tribunal para a realización da proba, que versará sobre o manexo e manobras, nas condicións esixidas polo tribunal do camión motobomba municipal e accesorios do mesmo. A puntuación máxima na proba práctica será de 100 puntos sendo necesario obter 50 puntos para entender superada esta.

ASPIRANTES A PEÓN FORESTAL

PROBA PRÁCTICA

Os aspirantes a PEÓN FORESTAL quedan convocados para a realización da proba práctica, de carácter eliminatorio ao día seguinte ao da recepción das presentes bases nas instalacións de A Granxa-A Rúa, ás 11:30 horas da mañá, hora á que polo tribunal se procederá a realizar un chamamento único, comprobado o cumprimento dos requisitos da convocatoria, os aspirantes declararán se cumpren cos requisitos da convocatoria e a continuación dirixiranse ao lugar sinalado polo tribunal para a realización da proba, que versará sobre as funcións propias dun peón de brigada forestal e manexo das ferramentas e maquinaria propias de tal posto. A puntuación máxima na proba práctica será de 100 puntos sendo necesario obter 50 puntos para entender superada a mesma.

SEXTA.- DESIGNACIÓN DA PERSOA APROBADA

Rematado o proceso de selección o tribunal determinará a cualificación final do proceso. No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase mediante a realización dunha serie de preguntas oralmente ou por escrito en relación coas funcións do posto a desempeñar entre os aspirantes empatados.

A continuación, o tribunal fará público o resultado do proceso e elevará ao órgano de contratación a correspondente proposta de contratación que incluíra os aspirantes propostos para ser contratados e os propostos para integrar o listado de substitucións que estará constituído por aqueles aspirantes que tendo superado a puntuación mínima non obtivesen praza por orde de puntuación.

O Concello de Cangas procederá á contratación temporal dos/as candidatos/as que obtiveran a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas nesta convocatoria.

SÉTIMA.- INTERPRETACIÓN DAS BASES

As presentes bases vinculan á administración local convocante, ó tribunal cualificador e os/as aspirantes que participen no proceso.

O tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que plantexen a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas respecto aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria e para o bo desenvolvemento do proceso.

OITAVA. – NORMA FINAL

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Así mesmo, a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 30/1992, do 26 de novembro."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acora aprobar a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Persoal e participación veciñal, referente a aprobación das bases para a contratación de 1 condutor/a e 1 peón para a Brigada Forestal-Verán 2014.

11º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL S/APROBACIÓN DE BASES PARA A CONTRATACIÓN DE 1 TÉCNICO DE TURISMO PARA A TEMPADA DE VERÁN-2014

Este punto retírase da orde do día.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

12º.- DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA S/REVOGACIÓN DA DELEGACIÓN DO CONCELLO DE CANGAS DA XESTIÓN E RECADACIÓN EN PERÍODO VOLUNTARIO DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM)

Dase conta de escrito da Deputación Provincial de Pontevedra, referente a comunicación de acordo adoptado polo Pleno da Corporación Provincial, en sesión do día 29.11.13, polo que se revoga a delegación do Concello de Cangas da xestión e recadación, en período voluntario, do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda tomar coñecemento do referido acordo adoptado polo Pleno da Corporación Provincial, en sesión do día 29.11.13, polo que se revoga a delegación do Concello de Cangas da xestión e recadación, en período voluntario, do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM).

13º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

13.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
CUGARVI, CANGAS, S.L. Santa Baia, nº 2-1º- Cangas	FIANZA	1.477,71 €	EXPEDIENTE Nº 20.881
ALBERTO MARIÑO SOLIÑO Piñeiro, nº 42-Darbo	FIANZA	1.297,73 €	EXPEDIENTE Nº 20.041
ANCORADOURO, S.L. Aragón, nº 2-Cangas	AVAL	4.498,00 €	EXPEDIENTE Nº 24.081

14º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

14.A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA DAR DE BAIXA XUROS NA CONTABIUDADE MUNICIPAL POR MOR DA APLICACIÓN DO DECRETO DE DATA 13/02/2012 Nº 38/12, DITADO POLO XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCIÓN Nº 2 DE CANGAS, POLO QUE SE ACORDA DAR POR REMATADO E ARQUIVAR O PROCEDEMENTO DE EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS Nº 165/2011 (X-II/21)

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 30.5.14, para dar de baixa na contabilidade municipal a obriga recoñecida por importe de 150,00 euros en concepto de xuros que figura co nº de asentamento 000116 de 27/02/2012 por mor do arquivo do procedemento de execución de títulos xudiciais 165/2011, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DECRETO DO DÍA 13/02/2012 I\|2 38/12 DITADO POLO XULGADO DE INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 2 DE CANGAS, POLO QUE SE ACORDA DAR POR REMATADO E ARQUIVAR O PROCEDEMENTO DE EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS Nº 165/2011 (X-II/21)

Visto o Decreto 38/12 do día 13/02/2012 ditado polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción nº 2 de Cangas, no procedemento de execución de títulos xudiciais 165/2011 dimanante do procedemento monitorio 125/11, instruído a instancia de 'EDITORIAL ARANZADI, SLU', polo que se dispoñía ter por rematado o procedemento de execución seguido, alzar, no seu caso, os embargos trabados e o arquivo das actuacións. Decreto do que a Xunta de Goberno Local tomou coñecemento en sesión de data 28/02/2012.

Visto que por Intervención se comunica que ao día da data aínda consta na contabilidade municipal a cifra de 150,00 € en concepto de xuros e custos, recoñecida con base no disposto no auto de 01/12/2011.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Dar de baixa na contabilidade municipal a obriga recoñecida por importe de CENTO CINCUENTA EUROS (150,00 €) en concepto de xuros que figura co nº de asentamento 000116 de 27/02/2012.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, para dar de baixa na contabilidade municipal a obriga recoñecida en concepto de xuros que figura co nº de asentamento 000116 de 27/02/2012 por mor do arquivo do procedemento de execución de títulos xudiciais 165/2011.

14.B) DAR CONTA DE SENTENZA Nº 120/2014 DITADA EN DATA 26.05.2014 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 276/2013 (X-13/25)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada dos seguintes datos:

- Reclamante: Ángel Molanes Fernández

- Sentenza: estima o recurso administrativo interposto por Ángel Molanes Fernández contra a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto contra a resolución de 24 de abril de 2012 ditada pola Alcaldía, resolución que se declara non conforme a dereito e se anula, condenando á administración demandada a estar e pasar por tal declaración, e a que se adscriba ao recórrante a un posto de segunda actividade que se axuste á lexislación aplicable con condena en custos a esta administración.

- Recursos: a sentenza non é firme cabendo a posibilidade de interposición de recurso de apelación perante a Sala do Contencioso do TSX Galicia, no prazo de quince días, debendo pronunciarse a XGL sobre a interposición do citado recurso co fin de dar instrucións á defensa do concello.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/TRANSMISIÓN DE LICENZA DE TAXI A FAVOR DE MARTÍN PIÑEIRO NERGA

Vista a proposta da Alcaldía do día 4.6.14, referente a transmisión de licenza de taxi, que é como segue:

"PROPOSTA ALCALDÍA

Asunto: transmisión licenza taxi

Vista a solicitude de transmisión da titularidade de licenza de taxi, presentado por Ricardo Rodríguez Fernández, con DNI 32335337-M, con domicilio en Camiño da Garita, 14, Nerga-O Hío, a favor de Martín Piñeiro Nerga, con DNI 53116304-N, e con domicilio na Avda. Vigo, 95-baixo D-Cangas.

Visto o informe favorable emitido polo Servizo de Mobilidade da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras, de

conformidade co establecido na Lei 4/2103, do 30 de maio, de transportes público de persoas en vehículos de Galicia (DOG nº 113 do 14 de xuño).

Visto o anterior propoño a aprobación do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizar, de conformidade co disposto no establecido na Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, a transmisión da licenzade taxi número 45 de Ricardo Rodríguez Fernández a favor de Martín Piñeiro Nerga, previo pagamento da correspondente taxa municipal.

SEGUNDO.- A persoa interesada, novo titular, solicitará á dirección xeral competente en materia de transportes da Xunta de Galicia, a transmisión da autorización interurbana de taxi. Achegando ao concello e ao Servizo de Mobilidade a documentación correspondente.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo aos interesados, así como, aos departamentos de Intervención e Estatística."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía, referente a transmisión de licenza de taxi a favor de Martín Piñeiro Nerga.

B) PRESUPPOSTOS PARA INSTALACIÓN DE SINAIS DE TRÁFICO

Vistos os presupostos nº 14.095 e nº 14.097 do día 30.5.14 da empresa "BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.", con enderezo en Polígono Industrial de Lalín 2000-Parcela A-25-36500-Lalín-Pontevedra, para a subministración de diversas sinais de tráfico.

Xustificación de voto: o concelleiro Sr. Faro Lagoa vota en contra do aprobación deste punto porque non quere ser responsable en caso de que se produza algún accidente.

A Xunta de Goberno Local, por maioría dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar o presuposto nº 14.097 do día 30.5.14 da empresa "BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.", para a subministración de diversas sinais de tráfico, por un importe de MIL OITENTA E SEIS EUROS CON SETENTA E SETE CÉNTIMOS (1086,77 €).

C) DAR CONTA DE ESCRITO DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA S/PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN

Dase conta de escrito do día 15.5.14 (R.E. nº 6061 do 21.5.14) da Axencia de Turismo de Galicia dependente da Xunta de Galicia, no que se comunica da proposta de resolución provisional do referido organismo de concesión de subvención por importe de

CINCO MIL NOVECIENTOS CORENTA E OITO EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (5.948,43 €) ao Concello de Cangas para a contratación de persoal nas oficinas de turismo durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro e se procede a súa convocatoria para o ano 2014.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada do escrito da Axencia de Turismo de Galicia referente a propostas de resolución provisional de concesión de subvención ao Concello de Cangas por un importe de total de CINCO MIL NOVECIENTOS CORENTA E OITO CON CORENTA E TRES EUROS (5.948,43 €), para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo de Cangas, durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro do ano que andamos.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente